

Esta lei substituíu à Lei 11/1984, de 11 de decembro, relativa aos traballos de dotación artística en edificios e construcións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG de 26 de xaneiro de 1985). No ámbito estatal, a regulación actual do denominado "1 por 100 cultural" contense no artigo 68 da Lei 16/1985, de patrimonio histórico español e 58 e seguintes do Real Decreto 111/1986, que o desenvolve. A Orde CUL/596/2005, de 28 de febreiro, do Ministerio de Cultura dispuxo a publicación do Acordo da Comisión Interministerial para a coordinación do un por cen cultural, polo que se adoptaron criterios de coordinación da xestión dese un por cen cultural do Estado.

No ámbito autonómico, ademáis, ha de terse en conta o artigo 86 da Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, así como o artigo 46 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, que dispón para os expedientes de dotación artística o seguinte:

"Á entrada en vigor desta lei, o 70% dos créditos afectados á realización de traballos de dotación artística, nas aplicacións correspondentes a proxectos técnicos de obras novas do capítulo VI non financiados polo Fondo de Compensación Interterritorial ou con fondos finalistas ou procedentes da Unión Europea, será obxecto de retención e transferido seguidamente á Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo para a finalidade determinada na Lei 12/1991, do 14 de novembro, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos camiños de Santiago da Comunidade Autónoma de Galicia.

A transferencia indicada terá carácter de "a conta" sobre a liquidación definitiva da porcentaxe que de acordo coa devandita Lei 12/1991 lles corresponde aos traballos de dotación artística, e non lle serán aplicables as limitacións establecidas no artigo 68 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e no apartado Seis do artigo 8 desta lei".

Artigo 1.

No orzamento dos proxectos técnicos das obras que acometa a Xunta ou calquer entidade pública dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, cando o mesmo sexa financiado total ou parcialmente con fondos da propia Comunidade Autónoma, comprenderase unha porcentaxe para traballos artísticos, de decoración, embelecimento, dotación de obras de arte, conservación ou restauración destas ou do seu entorno, ou ben para a revitalización conveniente no percorrido e zona de influencia dos camiños de Santiago.

Artigo 2.

O disposto no artigo anterior será asemade de aplicación aos proxectos de obras públicas que se executen dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia baixo o rexime de concesión administrativa e que afecten a bens cuxa titularidade e xestión corresponda à propia Comunidade.

Artigo 3.

Fican exceptuadas do rexime previsto nos artigos anteriores as obras que por sí mesmas cumpran funcións integradoras de manifestacións artísticas ou culturais, as derivadas da execución dos planos de inversións xacobeas e aquelas outras que non superen un orzamento de vinte millóns de pesetas.

Artigo 4.

1. A cuantía à que alude o artículo 1 será do dous por cento dos fondos de aportación da Comunidade Autónoma.
2. Un cuarto da dita porcentaxe será destinada à dotación artística da obra na que se xera; outro cuarto será destinada à Consellería de Cultura e Xuventude, para a restauración dos monumentos ubicados nos tramos galegos dos camiños de Santiago; e a metade restante será destinada à Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno para a financiación inversora do Plano Xacobeo-93.

Artigo 5.

No proxecto de cada obra pública deberá figurar a determinación do tipo e natureza dos traballos artísticos a realizar segundo o disposto no artigo 1, sinalando, no seu caso, o seu emprazamento.

Artigo 6.

A Xunta de Galicia creará por decreto unha Comisión, da que farán parte, entre outros, un representante do Consello da Cultura Galega e, en cada caso, o técnico autor do proxecto do que se tratar. Esta Comisión será a encargada de propor aos titulares das entidades que teñan que ordenar a execución do proxecto o artista ou artistas que teñan de realizar as obras a que se refiren os artigos 1 e 2. Semestralmente, a Comisión remesará un informe ao Parlamento sobre a súa actividade e resultados.

Artigo 7.

Nos traballos a que se refiren os artigos 1 e 2 teranse en conta a promoción dos valores e dos artistas galegos, nun marco de libre concorrència e igual participación.

Artigo 8.

As obras que se executen cos fondos previstos nesta Lei gozarán da cualificación de interese social, aos efectos da aplicación da lexislación de expropiación forzosa e do beneficio de urxente ocupación dos bens afectados.

Artigo 9.

Semestralmente, a Xunta de Galicia comunicará ao Parlamento de Galicia as obras realizadas ao abeiro desta Lei.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS.

1.ª Autorízase à Xunta de Galicia para o desenvolvemento regulamentario desta Lei.

2.ª A Consellería de Economía e Facenda establecerá os mecanismos adecuados para a efectividade e cumprimento do previsto no artigo 4 da presente Lei.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS.

1.ª Mentres dure a execución do Plano Xacobeo-93, os fondos establecidos no artigo 4 serán destinados na súa metade à Consellería de Cultura e Xuventude, para a restauración de monumentos nos camiños de Santiago, e a outra metade à Consellería de Relacións Institucionais e Portavoz do Goberno, para os investimentos do dito plano.

2.ª Durante a vixencia do disposto na disposición transitoria primeira, quedará en suspenso a aplicación dos artigos 5 e 6 e disposicións concordantes, e se autoriza à Xunta de Galicia a realizar, de forma global e anticipadamente, a detracción do dous por cento que contempla o artigo 4.

Vid. Decreto 4/1992, do 16 de xaneiro, da Consellería de Economía e Facenda (DOG nº 15, do 23 de xaneiro), polo que se precisa a aplicación práctica deste rexime transitorio.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

Queda derogada a Lei 11/84, de 11 de decembro, e cantas outras disposicións de igual ou inferior rango se opoñan à presente Lei.